



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Descrición Decreto. PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS DA PROBA TIPO TEST, E DATA DO SUPOSTO PRÁCTICO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COMO TÉCNICOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE ARZÚA.

DON XOAN XESÚS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

En Sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 25 de abril de 2024 aprobouse convocatoria das bases para unha bolsa de emprego de funcionario/a interino/a de técnico de normalización lingüística.

Ditas bases foron publicadas no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello o día 3/05/2024.

Visto que o día 09/07/2024 saíu publicado no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa a listaxe provisional de admitidos e excluídos e a causa de exclusión.

Visto que o día 24/10/2024 saíu publicada a listaxe definitiva de admitidos definitivamente.

Visto que o día 31/10/2024 saíu publicada no taboeiro da sede electrónica a acta n.º 1 coas puntuacións provisionais da proba tipo test, dando cinco días hábiles para alegacións a partir do seguinte a publicación da acta no taboleiro de anuncios do Concello.

Visto a acta n.º 2 publicada no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa na data do 15/11/2024, onde se responde as alegacións presentadas.

En uso das facultades outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985 Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO- Convocar para o suposto práctico os aspirantes que superaron unha puntuación mínima de 7,5 puntos.

DNI	Puntuación proba tipo test
***2112**	8,3
***8867**	8
***9684**	7,7

SEGUNDO- Convocar os aspirantes mencionados no apartado anterior para o día 20 de novembro, as 10:00 horas na Aula Cemit do Concello de Arzúa para a realización do suposto práctico. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio consistirá na realización nun tempo máximo de 60 minutos, dun suposto práctico determinado polo tribunal relacionado cun suposto/situación de

índole teórico – práctica, referido ao contido do temario anexo e relacionado coas funcións do posto de traballo, determinado polo tribunal avaliador.

A cualificación máxima deste exercicio será de 20 puntos sendo necesario acadar a lo menos 10 puntos para superalo. Como criterio de valoración, ademáis dos coñecementos expostos, o tribunal considerará a orde nas ideas/conceptos, claridade expositiva e capacidade analítica e pragmática dos aspirantes na resolución do problema/situación formulado.

Asinado dixitalmente na data que figura o marxe

O alcalde

Asdo: Xoán Xesús Carril Ramos

O secretario

Asdo: Alfonso Manuel Alcalá Pérez.